



Promotion of rural museums and heritage sites in the vicinity of European pilgrimage routes



@Diego Cervo

Kit de prensa



This document is part of a project that has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 101004887



Información básica sobre rurAllure

rurAllure é un proxecto do programa Horizonte 2020 que se estende dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023. O proxecto fomenta a cooperación cultural e o turismo sostible nas proximidades de rutas históricas de peregrinación europeas:



os Camiños de Santiago



a ruta de San Olav en Escandinavia



as rutas de peregrinación a Roma
(Via Francigena, Romea Germanica
and Romea Strata)




a Ruta Mariana a Csíksomlyó / Şumuleu
Ciuc.

rurAllure aproveita o estado da arte en tecnoloxías da información para promover museos e sitios patrimoniais do medio rural. Mellora a simbiose entre o entorno rural e as rutas para enriquecer a experiencia dos turistas co vasto patrimonio cultural que a miúdo pasa desapercibido.

En Europa, centos de milleiros de persoas emprenden cada ano unha viaxe a pé ao longo de rutas históricas. Sen dúbida, as rutas de peregrinación estanse a converter nun importante activo económico.

O proxecto rurAllure aborda un punto feble que se agocha detrás desta percepción de éxito: as rutas de peregrinación poden ser transitadas por milleiros de persoas, pero o seu impacto percíbese case exclusivamente nos lugares ubicados directamente nos camiños, xa que rara vez penetran nas áreas rurais circundantes.

Así, provincias e rexións enteiras de carácter predominantemente rural, que se enfrontan a importantes desafíos económicos e demográficos en toda Europa, convértense en testemuñas pasivas dos fluxos de peregrinos, cando en realidade poderían aportar moito contido e valor ás experiencias.



@Javier Alvarez Rodriguez

reach out!

Obxectivos

-  Animar a peregrinos e turistas a descubrir o patrimonio cultural que se atopa no medio rural. A oportunidade xorde da flexibilidade da planificación das viaxes nlo tocante a datas, distancias recorridas en sucesivas etapas, lugares de descanso, etc.
-  Ofrecer recursos dixitais a través da plataforma tecnolóxica de rurAllure, para descubrir rutas a pé e en bicicleta e sitios culturais máis aló dos itinerarios máis concorridos. Logo da pandemia de COVID-19, rurAllure satisfai as necesidades dos viaxeiros de visitar áreas fóra dos circuítos turísticos masificados.
-  Potenciar as oportunidades de desenvolvemento económico e creación de emprego nas zonas rurais menos desenvolvidas, que sofren a despoboación e la fuga da mocidade.

Accións do proxecto



Establecer unha rede de institucións para traballar na promoción de espazos culturais e sitios patrimoniais das contornas rurais de Europa nas inmediacións (uns 30 km como máximo) das rutas de peregrinación.



Desenvolver estudos dende perspectivas históricas, culturais, sociolóxicas, relixiosas e económicas.



Analizar o papel que poden xogar as institucións culturais e turísticas urbanas na rede.



Avaliar as estratexias e recomendacións derivadas dos estudos mencionados en catro pilotos.



Crear unha base de datos de referencias xeográficas e un mapa interactivo de lugares rurais e sitios patrimoniais en Europa, así coma un directorio de axentes relevantes na promoción da cultura e o turismo.



Crear aplicacións móbiles para ofrecer os recursos dixitais aos viaxeiros.



Intercambiar mellores prácticas e leccións aprendidas nos pilotos en toda Europa.



Definir unha axenda cos retos clave de investigación e innovación para a vindeira década.

Contactos clave

Dr. Martín López Nores

Martín López Nores é profesor contratado doutor do Departamento de Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo. Está especializado en servizos de información interactiva, razoamento semántico, humanidades dixitais, patrimonio cultural, narración interactiva e realidade aumentada. Actualmente é director da Área de Docencia da Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións da Universidade de Vigo e coordinador do proxecto rurAllure H2020. **Contacto:** mlnores@det.uvigo.es



Dr. Susana Reboreda Morillo

Susana Reboreda Morillo é doutora en Historia Antiga pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 1997 é profesora de Historia Antiga na Facultade de Historia do campus de Ourense da Universidade de Vigo. Actualmente é Vicerreitora de Extensión Universitaria na Universidade de Vigo. Anteriormente ocupou diversos cargos directivos na Facultade de Historia, como directora da Área de Estudantes, vicedecana e decana. Durante os últimos dez anos participou en proxectos de investigación competitivos centrados nas mulleres na Antigüidade grega. **Contacto:** rmorillo@uvigo.es




reach out!



Consorcio

- | | |
|---|---|
|  Associazione Europea delle Vie Francigene (IT) |  Norwegian University of Science and Technology (NO) |
|  Câmara Municipal de Vila do Conde (PT) |  Slovak University of Technology in Bratislava (SK) |
|  Comenius University in Bratislava (SK) |  Universidad Autónoma de Madrid (ES) |
|  Fondazione Homo Viator San Teobaldo (IT) |  Universidade da Coruña (ES) |
|  Fundación Uxío Novoneyra (ES) |  Universidade de Vigo (ES) [project coordinator] |
|  GVAM Guías Interactivas S.L. (ES) |  Università degli Studi di Bologna (IT) |
|  Kormányzati Informatikai Fejlesztési Ügynökség (HU) |  Università degli Studi di Padova (IT) |
|  Mária Út Közhasznú Egyesület (HU) |  Università IUAV di Venezia (IT) |



reach out!

Folla resumo de rurAllure



RurAllure está financiado polo programa Horizonte 2020, o maior programa europeo de investigación e innovación dirixido a acadar un crecemento económico intelixente, sostible e inclusivo. O seu obxectivo é asegurar que Europa produce coñecemento de relevancia mundial en ámbitos da ciencia, a tecnoloxía e as humanidades, eliminando obstáculos á innovación e facilitando aos sectores públicos e privados o traballo conxunto para ofreceren solucións aos desafíos.



16 membros do consorcio, de 6 países europeos diferentes

4 proxectos piloto

6 rutas

Natureza e cultura en 18 países

+ de 11.000 km para vivir a cultura en experiencias a pé ao longo das rutas de peregrinación



@AEVF

reach out!

Patrimonio literario nos camiños de Santiago de Compostela

Mítica ruta de peregrinación que atravesamos Europa hacia a tumba do apóstolo Santiago o Maior en Santiago de Compostela. O piloto centrarase en distintos tramos da comunidade autónoma de Galicia e o norte de Portugal: o Camiño Francés, o Camiño de Inverno e o Camiño Portugués por la Costa.

El Camiño de Santiago ofrece beleza natural, paz e introspección, historia e hospitalidade, así como tesouros inesperados. A maxia propia desta terra emerxe en algunhas das mellores obras de poetas e escritores, figuras de prominencia e inspiración.

Parada do Courel (Galicia) é un destes lugares. Alí, a casa-museo do grande poeta Uxío Novoneyra – sé da Fundación Uxío Novoneyra – recibe aos viaxeiros e permítelles vivir unha experiencia completa que entrelaza natureza, literatura, arte e lugares pouco habituais a descubrir.



Pasear por algunhas das paisaxes rurais máis fermosas de España



A vista da catedral de Santiago é só unha das marabillas que ofrece esta ruta



A casa-museo de Uxío Novoneyra en Parada do Courel (Galicia)



Patrimonio termal e outros nos camiños a Roma

Tres grandes itinerarios medievais que conducen a Roma: a Vía Francíxena, a Vía Romea Strata e a Vía Romea Xermánica. A investigación do patrimonio termal centrarase en tramos italianos das rutas, concretamente na rexión da Toscana para a Vía Francígena, a área de Padua para a Romea Strata e o delta do río Po para a Romea Xermánica.

Estes itinerarios son ricos en lugares termais e mananciais, grazas ás numerosas fontes no subsolo, coñecidas e explotadas dende a época dos etruscos e romanos.

Dende os baños termais de Abano e Montegrotto en Veneto, ata os de Gambassi Terme e Bagno Vignoni en Toscana, hai moitos lugares onde os peregrinos poden tomar un descanso da súa viaxe relaxándose en cálidas augas termais. Unha experiencia que non debe perderse durante os últimos 100 km antes de Roma é, sen dúbida, deterse en Viterbo e tomar un baño quente nas súas piscinas termais naturais.



Un descanso nos baños termais naturais de Parco dei Mulini, Bagno Vignoni, Toscana



Peregrinos camiñando pola campiña do Lacio de camiño a Roma



Piscine Carletti, piscinas termais naturais gratuítas en Viterbo, Lacio



Patrimonio etnográfico nos camiños a Trondheim

Rede escandinava de camiños de peregrinación de San Olav que conducen á súa tumba na cidade norueguesa de Trondheim. O piloto céntrase nas rutas ao longo do lago Mjøsa en Noruega, estudando o seu rico patrimonio etnográfico.

Sorprenderache descubrir que ao longo dos camiños de San Olav podes alternar entre camiñar polas beiras do lago Mjøsa, o máis grande de Noruega, e pasear polo museo ao aire libre máis grande do país, Maihaugen, en Lillehammer, apenas a uns poucos quilómetros!

Dende a natureza fascinante e as augas azuis do lago ata o descubrimento da etnografía do país: o museo Maihaugen, que consta dunha sección interior e outra exterior, alberga máis de 200 casas históricas de varias épocas, incluída a fermosa igrexa de madeira de Garmo do século XIII. Definitivamente unha parada que ningún peregrino no seu Camiño a Trondheim debería saltarse!



Un peregrino camiñando polo sendeiro Gudbrandsdalsleden



A fermosa igrexa de madeira de Garmo en inverno



Un exemplo de hospitalidade ao longo do camiño de San Olav



4 proxectos piloto – laboratorios de ideas

Piloto 4



Patrimonio natural nos camiños a Csíksomlyó

O Camiño de María ou Mária Út conforma unha ruta espiritual que atravesa países de Europa do Este e os Balcáns. O piloto centrarase en tramos en Hungría, Eslovaquia e a Transilvania rumana e estudiará a súa beleza natural.

Ao longo dos seus 2.200 km, o Camiño de María atravesa algúns dos parques naturais e paisaxes máis fermosos de Europa, moitos dos cales son pouco coñecidos pola maioría dos turistas.

Organizando unha viaxe por algunha das súas rutas, o peregrino ten o luxo de elixir entre camiñar no bosque primixenio de Badín (Eslovaquia), ou facer unha ruta alternativa a cabalo ou mesmo navegar en canoa polo Danubio. No Camiño de María existen innumerables maneiras de establecer unha estreita conexión coa contorna natural virxe. Debeu de ser este sentimento o que inspirou a construción das igrexas articulares de madeira de Svätý Kríž e Hronsek (Eslovaquia), agora Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.




Un peregrino camiñando polo Camiño de María (Mária Út), un camiño profundamente espiritual



Sinalización típica do Camiño de María



A tranquilidade dun bosque de faias primixenio en Eslovaquia



reach out!



Información de contacto


Para consultas xerais:

contact@rurallure.eu

Sitio web

www.rurallure.eu

Redes Sociales



@rurallure



reach out!



reach out!

www.rurallure.eu